

Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26/07//2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinteseis de xullo de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Ausentes:

D. Juan Carlos Amado Sambade
D. José Manuel Pérez Trillo
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventora: D.^a Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións extraordinaria e ordinaria do 27 de xuño de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

A secretaria sinala que existe un erro de transcripción no punto 7 da acta da sesión ordinaria do 27 de xuño de 2014, posto que onde di: "(...) Na sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o **29 de marzo** de 2014..."; debe dicir: "(...) Na sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o **31 de maio** de 2014...".

Quedan aprobadas as actas da sesión ordinaria do 31 de maio e da sesión extraordinaria e urxente do 17 de xuño de 2014 coa rectificación sinalada.

2. Inicio do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Bañas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, de data 18 de xullo de 2014, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o estudo de detalle aprobado na sesión plenaria celebrada o 26 de maio de 2012, cuxa anulación foi requerida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012. Diante da falta de atención do citado requerimento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou recurso contencioso-administrativo. Consta sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, de data 5 de decembro de 2013, declarada firme o 7 de abril de 2014 e testemuñada a este Concello o 11 de abril de 2014 (RE 2760), co seguinte fallo: *“FALLAMOS: Que debemos declarar y declaramos la inadmisibilidad del recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, contra resolución del pleno del Concello de Vimianzo de 26 de mayo de 2012, por el que se acuerda aprobar definitivamente el estudio de detalle de señalamiento de alineaciones y volúmenes en Bañías, así como contra la desestimación presunta del requerimiento de anulación realizado por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; sin hacer especial condena en costas.”*

O 11/04/2014 con RE 2763 o presidente da Deputación Provincial remite informe emitido polo Servizo de Asistencia Técnica Urbanística respecto do “axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Bañías”, no que se conclúe a procedencia de atender ao requerimento de anulación.

Solicitado informe á Secretaría municipal o 09/06/2014, consta informe emitido o 17/07/2014, no que conclúe:

“(…) Pois ben, revisado o expediente, e tendo en conta o requerimento de anulación da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, así como o informado polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) o 31/03/2014, no presente caso concorren dúas causas de nulidade: a prevista no apartado f) do artigo 62.1 e a prevista no apartado g) do mesmo artigo.

Así, o apartado f) do artigo 62.1 da LPAC establece que serán nulos de pleno dereito “los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición”.

Por outra parte, o apartado g) do artigo 62.1 da LPAC establece que serán nulos de pleno dereito “cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición de rango legal”.

Pois ben, como sinala o informe do arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) de data 31/03/2014 no punto 6.5.2 Nulidade da aprobación, na páxina 56: “As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).”

O artigo 101.2 da LOUG establece: “Serán nulas de pleno dereito las reservas de dispensación que se contuviesen en los planes u ordenanzas, así como las que, con independencia de los mismos, se concediesen.”

Polo tanto, queda fóra de toda dúbida que o acto administrativo de aprobación definitiva do estudo de detalle adoptado polo Pleno o 26 de maio de 2012 adolece de dous vicios de nulidade radical (art. 62.1 f e g da Lei 30/1992), vicios que arrastra este expediente dente o primeiro acto, cal foi a aprobación inicial acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 19 de marzo de 2012.

Segunda.- Procedemento de revisión e órgano competente.

O réxime xurídico da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito inicialmente previsto na LRX-PAC foi obxecto dunha profunda modificación operada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Entre esas modificacións,



Concello de Vimianzo

cabe destacar o carácter preceptivo (declararán) da revisión de oficio, fronte ao carácter potestativo (podrán declarar) da redacción anterior. Polo tanto, detectado un vicio de nulidad radical, a administración debe iniciar o expediente de revisión de oficio.

En relación coa tramitación do procedemento, non existe unha especificidade normativa na actual redacción da LPX-PAC, polo que a produción do acto revisorio debe efectuarse, tal e como ten confirmado o Consello Consultivo de Galicia en diversos ditames, conforme ás previsións do procedemento administrativo común coa especialidade de que entre os actos de instrución preceptivos é preciso incluír o ditame previo do Consello consultivo de Galicia. Xunto a este trámite, non debe esquecerse a esencialidade do trámite de audiencia a tódolos interesado previo á remisión do expediente ao Consello Consultivo.

A modo de resume, os trámites serán os seguintes:

1º. Acordo de inicio por parte do órgano que ditou o acto administrativo.

2º. Trámite de audiencia aos interesados no expediente.

3º. Proposta de resolución.

4º. ~~Ditame do Consello Consultivo de Galicia, de carácter preceptivo e vinculante.~~

Cando a revisión se inicia de oficio pola propia Administración, o prazo máximo para resolver son tres meses, e transcorrido o mesmo sen resolver prodúcese a caducidade do expediente. A remisión do expediente ao Consello Consultivo para a emisión do ditame suspende o cómputo do prazo para resolver."

No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación, e atendendo aos informes evacuados e á documentación obrante no presente procedemento, eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta de Acordo:

Primeiro.- Incoar procedemento de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012.

Segundo.- Notificar aos interesados o presente acordo de iniciación, poñéndolles de manifesto o expediente, ao abeiro do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, concedéndolles un prazo de quince días hábiles a fin de que poidan aducir as alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo que estimen convenientes."

A dita proposta foi ditaminada favorablemente o 22 de xullo de 2014 pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por dous votos a favor do BNG, tres abstencións de PSOE, IxV e concelleiro non adscrito, e ningún voto en contra.

O alcalde desculpa a ausencia do Sr. Amado, que lle chamou por teléfono antes da sesión para dicirlle que non podía asistir por razóns de traballo.

Respecto deste asunto, o alcalde lembra que xa se tratou en tres plenos, posto que non se atendeu ao requerimento de anulación da Xunta de Galicia e esta presentou un recurso contencioso administrativo, que foi inadmitido por extemporáneo, sen que o TSXG entrara no fondo da cuestión. Sinala que tivo conversas telefónicas coa Secretaria Xeral de Urbanismo, a Sra. Encarnación Rivas, que eludiu responsabilidades, facéndoa recaer na asesoría xurídica da Xunta, pero sí lle dixo que abordaran este pleno porque existía moita inseguridade xurídica de concederen unha licenza en base a este instrumento. Lembra que este asunto quedou sobre a mesa, pedindo a oposición informe do servizo de Urbanismo da Deputación Provincial. Ese informe xa consta no expediente, e conclúe que debe anularse o acordo, e por iso se trae a pleno. A revisión de oficio é un procedemento regrado e garantista, pois debe remitirse o expediente ao Consello Consultivo de Galicia, cuxo ditame é preceptivo e vinculante. Sinala que os interesados poden presentar alegacións, pois é un procedemento garantista.

O Sr. Miñones Riveiro di que, coma no pleno anterior de propoñer avogado, vanse abster.

O Sr. Soto Pérez di que nota unha falta de claridade sobre o que se quere facer. O acordo plenario tomouse a proposta do alcalde, a pesares de que el pensaba que non era o instrumento axeitado para o que se pretendía, pero como o informe técnico era favorable, votou a favor. Sorprendentemente despois tráese a pleno a anulación de dous estudos de detalle, e naquela sesión o seu grupo tratou de defender o acordo plenario, nomeando avogado. Sinala que o feito é que a Xunta non conseguiu derrubar o acordo do pleno, e agora, despois de que pasara o filtro dos tribunais, o alcalde volver traer o asunto ao pleno para unha revisión de oficio. Refírese ao informe, loubando ao seu autor, ao que considera unha das persoas que máis saben de urbanismo na provincia, que conclúe que a Corporación debe tomar o acordo pertinente en base aos informes técnicos da Corporación, e bota en falta ese informe. Pide que o asunto continúe sobre a mesa, en pos de dar máis garantías, e que o técnico municipal elabore o informe correspondente.

O concelleiro non adscrito, Sr. Rodríguez Blanco, tamén considera importantísimo que haxa informe do técnico municipal para que o pleno tome unha decisión. Pero agora mesmo non van apoiar esta proposta.

O alcalde aclara que, evidentemente, cando se trouxo a pleno foi a proposta da Alcaldía porque non pode ser doutro xeito e habendo informe favorable do técnico confiouse en que era correcto. Sorpréndelle que ao Sr. Soto agora o informe da Deputación lle dea a razón e non vote a favor. No seu momento pareceulle razoable que quedara sobre a mesa e puntualiza que sí hai informe do técnico municipal, que é favorable, e outros dous que son desfavorables, da Xunta e da Deputación. Sinala que o da Deputación é moi claro e que o Sr. Soto sabe perfectamente que esa expresión é unha coletilla que se adoita poñer nos informes. Considera que en democracia cada quen pode votar o que queira. Recoñece que se requeriu a anulación de dous estudos de detalle con informe favorable do arquitecto municipal, e esa anulación requeriuse por órganos que son competentes para facelo e que se basean en informes técnicos exhaustivos. Entende que non hai motivos para que quede sobre a mesa e ademais é un asunto que está máis que debatido. Trátase dun recurso – a petición de que quede sobre a mesa – excepcional sobre a norma, que non pode empregarse para evitar a decisión sobre un asunto, senón para que esa decisión estea ben tomada, e aquí hai tres informes: da Xunta (negativo), da Deputación (negativo) e do arquitecto municipal (favorable). Respecto da xustiza, sinala que non ten efecto de cousa xulgada, posto que a sentenza inadmite por extemporáneo e non entra a analizar os argumentos de fondo. Sinala que o vai someter a votación.

Sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado: catro votos a favor do BNG, unha abstención do Sr. Miñones Riveiro e catro votos en contra de IxV e do concelleiro non adscrito Sr. Rodríguez Blanco.

Producido o empate, o alcalde somete novamente o asunto a votación, en cumprimento do disposto no artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF). Prodúcese o seguinte resultado: catro votos a favor do BNG, unha abstención do Sr. Miñones Riveiro e catro votos en contra de IxV e do concelleiro non adscrito Sr. Rodríguez Blanco.

Ao persistir o empate nesta segunda votación, o alcalde emprega o voto de calidade, emitindo o seu voto a favor do ditame, resultando o mesmo aprobado:

Primeiro.- Incoar procedemento de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012.



Concello de Vimianzo

Segundo.- Notificar aos interesados o presente acordo de iniciación, poñendolles de manifesto o expediente, ao abeiro do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, concedéndolles un prazo de quince días hábiles a fin de que poidan aducir as alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo que estimen convenientes.

3. Xustificación das axudas aos grupos políticos municipais correspondentes ao exercicio 2013.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 22 de xullo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

“(…) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa ds Facenda, Contas, Orzamentos e Asuntos Económicos, por tres votos a favor de BNG e PSOE, unha abstención de IxV e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación das axudas presentadas polos Grupos Políticos Municipais do BNG, Socialistas e Partido Popular, sempre e cando da consulta que se evacúe ao Consello Consultivo non se derive que existe algún defecto esencial nas xustificacións presentadas.

SEGUNDO.- Evacuar consulta ao Consello Consultivo ao respecto da validez da xustificación presentada no exercicio 2012, e que inflúen tamén na xustificación presentada no ano 2013 polo Grupo Político Municipal IxV, a efectos de verificar a adecuación da xustificación, solicitando tamén a subsanación e aclaración da documentación presentada por dito Grupo Político Municipal no ano 2013.”

A secretaria aclara que debe dicir “Consello de Contas” no lugar de “Consello Consultivo”. Di que na comisión ninguén detectou o erro, de feito deron por suposto que se remitía ao Consello de Contas.

O alcalde sinala que as asignacións a grupos políticos municipais están sometidas a fiscalización e deben xustificarse os gastos. Como hai unha serie de defectos na xustificación, a interventora informou da necesidade de facer esa consulta.

O Sr. Miñones Riveiro di que hai informe da Intervención e van votar a favor.

O Sr. Soto Pérez di que van prestar a conformidade. Quere facer unha puntualización respecto da subvención ao grupo socialista debería ter unha regularización dende o momento en que dous membros dese grupo foron considerados non adscritos ata que unha sentenza sí os consideron membros do PSOE, e volver a parar dende o momento en que houbo unha comunicación que os expulsaba provisionalmente. Parécelles unha decisión xusta que se someta a fiscalización do Consello de Contas.

O alcalde pregunta ao voceiro socialista se quere responder.

O Sr. Miñones Riveiro declina intervir.

O alcalde di que non está ben ver a palla no ollo alíeo e non ver a viga no propio...

O voceiro de IxV di que non quere entrar en...

O alcalde recrimínalle que estea poñendo o foco noutro grupo cando precisamente é IxV o grupo que está excluído da aprobación da xustificación. Non quere entrar en polémica porque xa hai bastante co tema da financiación dos partidos políticos pero cre que deben dar exemplo en

xustificar o destino dos cartos públicos. Afirma que o problema non é o que dixo o Sr. Soto Pérez, o problema é outro.

Pide a palabra o Sr. Rodríguez Blanco. Lembra que hai uns meses presentaron un escrito dirixido ao alcalde e á interventora preguntando se lles ían pagar os cartos dende que foron expulsados do PSOE ata que saíu esa sentenza. Quere saber se lles van contestar.

O alcalde dille que sabe perfectamente o que lle corresponde, e por grupo non lle corresponde nada porque non son grupo, son non adscritos. Respecto ao tema do PSOE, considera que esta Corporación non ten porque estar sometida a este tipo de tensións.

O Sr. Rodríguez Blanco reitera a súa petición de que lle conteste ao que preguntou.

O alcalde contesta que xa o fixo e foi suficientemente claro.

O concelleiro non adscrito di que o alcalde doulle a volta á tortilla e pide que conteste porque non se lles paga dende esa expulsión que foi anulada xudicialmente.

O alcalde repite que o Sr. Rodríguez Blanco minte cando di que o Concello de Vimianzo non lle paga o que lle corresponde.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do BNG, PSOE e IxV, unha abstención do concelleiro non adscrito Sr. Rodríguez Blanco e ningún voto en contra, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación das axudas presentadas polos Grupos Políticos Municipais do BNG, Socialistas e Partido Popular, sempre e cando da consulta que se evacúe ao Consello de Contas non se derive que existe algún defecto esencial nas xustificacións presentadas.

SEGUNDO.- Evacuar consulta ao Consello de Contas ao respecto da validez da xustificación presentada no exercicio 2012, e que inflúen tamén na xustificación presentada no ano 2013 polo Grupo Político Municipal IxV, a efectos de verificar a adecuación da xustificación, solicitando tamén a subsanación e aclaración da documentación presentada por dito Grupo Político Municipal no ano 2013.

4. Toma de coñecemento do falecemento do concelleiro D. Ramón Santos Vázquez.


De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao escrito presentado o 22 de xullo de 2014, con rexistro de entrada nº 5948, polo portavoz do grupo municipal do Partido Popular D. Juan Carlos Amado Sambade.

Transcríbese íntegramente o mencionado escrito:

“Juan Carlos Amado Sambade, con DNI 76368419R, con domicilio no lugar de Braño parroquia de Carantofña, concello de Vimianzo, en calidade de portavoz do grupo municipal do partido popular no Concello de Vimianzo, expon:

1º. Que en data recente produciuse o falecemento en accidente laoboral do consellerio e membro electo do partido popular don Ramón Santos Amado. Xuntase certificado de defunción.

2º. Segundo a normativa electoral vixente procede poñer en marcha o procedemento para que o concelleiro fenecido sexa substituído polo seguinte orden de prelación.



Concello de Vimianzo

Polo exposto SOLICITO:

Que se teña por presentada a renuncia do conselleiro don Ramón Santos Amado, polos motivos expostos e se tramite a substitución del por o seguinte na lista presentadas as últimas eleccións municipais que é don Juan Silva Jallas con dni 76504547-S.

En Vimianzo a, 21 de xullo de 2014.

Asdo. Juan Carlos Amado Sambade"

A secretaria indica que obviamente existe un erro no escrito que acaba de ler, posto que o concelleiro falecido é Don Ramón Santos Vázquez, non Don Ramón Santos Amado.

Consta no expediente o anuncio do BOP nº 78, do 26 de abril de 2011, da Xunta Electoral de Zona de Corcubión de publicación das candidaturas ás eleccións locais do 2011.

En cumprimento do disposto na Instrución do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é Don Juan Silva Jallas, que ocupa o posto número sete (7) da candidatura do Partido Popular.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

5. F.O.D. Bonificación do 95% do ICIO e taxa por licenza urbanística para as construcións, instalacións e obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo.

O alcalde explica que se vai abordar un asunto non incluído na orde do día.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida con carácter urxente o 24 de xullo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Facenda, Contas, Orzamentos e Asuntos Económicos, por unanimidade dos seus membros presentes, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, variando a redacción do seu artigo 6º, que quedaría da seguinte maneira;

"Artigo 6º. Bonificacións e deducións.

Establécese un beneficio fiscal do 40% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial

proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.

En todos estes supostos, nos que se establece unha bonificación, deducirase da cota bonificada o importe satisfeito ou por satisfacer en concepto de taxa por outorgamento de licenza urbanística requirida para realizar dita actuación."

SEGUNDO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediane anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

O alcalde explica a urxencia deste punto: di que a bonificación aprobada rematou no 2013, e queren tela vixente neste 2014 e os trámites requiren aprobala inicialmente neste mes de agosto; coñecen o interese por presentar solicitudes durante este ano e por eso queren iniciar os trámites cando antes.

Sometida a votación a urxencia, en cumprimento do disposto no artigo 83 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), o Pleno da Corporación ratifica a urxencia por unanimidade dos seus membros presentes, acadándose a maioría absoluta prevista no artigo 47.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O alcalde explica a proposta: trátase dunha bonificación do 95%, sendo actualmente do 90% aínda que na práctica alcanzaba o 95% porque a taxa se descontaba, pero para evitar polémicas inútiles no pleno propónse o 95%.

O voceiro socialista sinala que están dacordo e fai moita falta que se instalen empresas no polígono.

O voceiro de IxV considera moi importante o espírito colectivo de apoiar a implantación de empresas no polígono, que el persoalmente ve coma unha fonte de emprego. Agradece que se suba ao 95%, que foi a petición inicial de IxV, que ao final bonificase o prezo do metro cadrado. Considera que se debería facer ata que a situación cambie, non ano por ano. Van votar que sí porque este foi o seu plantexamento inicial.

O concelleiro non adscrito di que apoia totalmente a proposta.

O alcalde aclara que sí se recolle a vixencia ata que a situación mellore, e ogallá estivese o 50 ou 60% das parcelas ocupadas, e entón habería que replantearse isto. Na práctica aumentar un 5%



Concello de Vimianzo

non vai significar un aforro máis. Lembra que a bonificación do 95%, co restante bonifícase a taxa, co cal a bonificación é do 100%.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, variando a redacción do seu artigo 6º, que quedaría da seguinte maneira;

"Artigo 6º. Bonificacións e deducións.

Estabécese un beneficio fiscal do 40% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que justifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Estabécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Estabécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.

En todos estes supostos, nos que se establece unha bonificación, deducirase da cota bonificada o importe satisfeito ou por satisfacer en concepto de taxa por outorgamento de licenza urbanística requirida para realizar dita actuación."

SEGUNDO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediane anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta do anuncio de aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Vimianzo, publicado no BOP nº 137 do 21 de xullo de 2014.

O Pleno dase por enterado.

7. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 27 de xuño de 2014, isto é, dende a resolución núm. 736, do 23/06/2014 ata a resolución núm. 906, do 21/07/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo y.

8. Mocións.

Non hai mocións.

9. Rogos e preguntas.

O voceiro do PSOE formula as seguintes preguntas:

1ª. A Deputación sacou unhas axudas para contratar cuadrillas, ¿xa se fixo?

2ª. ¿Xa se seleccionaron as cuadrillas de incendios?

